

Estimado sr/sra director/a,

Escusar antes de nada o retraso no inicio das reunións cos proxenitores porque a raíz das preguntas realizadas polos orientadores/as, consultamos co Comité de Ética e nos indicou que tal e como figura na folla de consentimento este ten que ser solicitado por un membro do equipo investigador. Debido a isto tivemos que pedir ao equipo de instrutores YAM a súa participación tamén nas charlas para proxenitores, incluílos no equipo investigador e realizar unha enmenda no protocolo para o Comité de Ética, o que nos levou varios días.

Salientar entón que a información para proxenitores non a ten que levar a cabo o/a orientador/a senón que membros do noso equipo se desprazarán aos centros para levar a cabo a solicitude do consentimento dando unha charla para nais/pais.

Esta semana se poñerán en contacto coas direccións dos centros **de intervención** YAM os membros do noso equipo para concertar con vostedes a data e hora das reunións cos proxenitores e alumnado que queira asistir.

En canto aos materiais que vos prometemos temos no carrusel da nosa páxina web un vídeo de información sobre o YAM e actualizamos os modelos de consentimento, a folla de información para proxenitores e o cartel de operacións do Fondo Social Europeo que ten que figurar nun lugar visible dos vosos centros en formato mínimo A3 xunto co “díptico de información para proxenitores”.

Tendes todo na ligazón:

<https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/YAM>



Ademais, os seus comentarios impulsáronnos a facer tamén unha corrección no protocolo que pensamos é importante e positiva.

O alumnado que participe como CONTROL realizará enquisas este curso e o próximo pero despois de realizaren a segunda enquisa, recibirá **se así o desexa o entrenamiento YAM**. **Deste xeito os centros de control terán o ano que ven YAM en 3º como estaba xa previsto pero tamén en 4º co alumnado que este ano participe como control e queira realizar a formación.**

En canto a convocatoria para as reunións cos proxenitores nos centros de control préгамosvos unha marxe de 10 días para podermos organizalo.

De xeito operativo

CONVOCATORIA PARA PROXENITORES

PASO 1. ENLACE ENTRE INVESTIGADOR/A E ORIENTADOR/A (I/O):

Os/as nosos/as investigadores/as colaboradores contactarán esta semana co centro para programar día e hora das charlas.

Estas serán breves, realizaránse en horario de tarde no centro escolar e deben ser publicitadas coa debida antelación á comunidade escolar (mínimo 1 semana).

PASO 2. INFORMACIÓN AO ALUMNADO:

Para darlle a información ao alumnado os/as orientadores/as poden utilizar a presentación de diapositivas que figura na nosa páxina web (teñen notas do orador onde veñen explicadas) e/ ou utilizar o vídeo sobre YAM que se atopa no carrusel.

É moi importante explicar ao alumnado que o YAM non son unhas charlas sobre saúde mental, senón un programa participativo con debate en grupo -no que non hai respostas correctas ou incorrectas- senón que trata de reflexionar colectivamente como afrontar o malestar de xeito saudable.

Este programa vaise desenvolver en Galicia chegando a todos os centros escolares no ano 2028.

Ao remate da sesión entregaremos ao alumnado para que o lean e llo leven aos seus proxenitores os seguintes materiais:

- Folleto para proxenitores (na Web)
- Consentimento informado participación YAM (na Web)

PASO 3. PUBLICIDADE DAS REUNIÓNS PARA PROXENITORES:

Ademais de remitir esa información en papel, remitirase a convocatoria aos proxenitores por medio de ABALAR xunto co enlace á páxina web do YAM e o noso enderezo electrónico por si houbera dúbidas: yam@sergas.es

PASO 4. PUBLICIDADE DE YAM PARA ANPAS:

Pregamos informar tamén do desenvolvemento do YAM ás ANPAS, para iso é preciso remitirenlles:

- Folleto para proxenitores (na Web)
- Consentimento informado participación YAM (na Web)

PASO 5. PUBLICIDADE NO CENTRO ESCOLAR:

O CARTAZ DO YAM CENTROS ESCOLARES (na nosa WEB) debe ser impreso en tamaño mínimo A3. DÉBESE COLOCAR XA NOS PRÓXIMOS DÍAS nun **lugar ben visible para o público**, por exemplo *na entrada do edificio*, xunto con información sobre o proxecto DIPTICO YAM.

ESTE CARTAZ xunto con información para os pais (folleto para proxenitores) e a carta de invitación debería situarse tamén nas páxinas web dos Centros participantes.

PASO 6: O/A INVESTIGADOR/A DARÁ A CHARLA CON DIAPOSITIVAS:

As diapositivas poden descargarse na nosa web con antelación. Pode ser desexable que haxa enlace á web se é posible para amosar os contidos da páxina.

Disporase na sala de copia dos consentimentos informados para que poidan asinar o alumnado e os pais no momento.

O consentimento pode traerse asinado outro día porque a lei o que di e que SOLICITA o consentimento un membro do equipo investigador. Non explicita que o recolla o investigador. Os consentimentos gardaranse nos centros e se recolleran polo equipo YAM cando empecen a impartirse as intervencións.

Unha vez recollidos será necesario elaborar unha listaxe de participantes no YAM. Cuestión da que se vos informará noutra circular.

Moísimas grazas pola vosa colaboración!

En Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2023